

## OS REQUISITOS QUE REXERÁN A CAMPAÑA DE “BOLSAS DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN” SON OS SEGUINTE:

A axuda vai dirixida ao alumnado matriculado en educación infantil, primaria e secundaria.

A contía da axuda será de 80,00 euros por neno/a.

As solicitudes avaliaranse segundo a situación social e económica das familias.

No baremo económico terase en conta o 1,5 veces o IPREM, incrementándose un 15% por cada novo membro e cun límite de 1397,02 euros, segundo o seguinte baremo:

Nº de membros	Contía
- 2 .....	798,76 euros
- 3 .....	918,57 euros
- 4 .....	1056,35 euros
- 5 .....	1214,80 euros
- 6 .....	1397,02 euros

É requisito imprescindible estar empadroado no Concello de Ferrol e que os menores estean matriculados nun colexio do Concello.

Documentación:

- A) Modelo de solicitude que se facilitará nas Unidades Básicas de Servizos Sociais e no Rexistro Municipal do Concello.
- B) Fotocopia do DNI do solicitante.
- C) Fotocopia do Libro de Familia.
- D) Xustificación de ingresos de todos os maiores de 18 anos da unidade de convivencia (nómina, pensión de invalidez ou xubilación , certificado de ingresos do INEM e certificado de vida laboral, no caso das persoas en situación de paro).
- E) Declaración do imposto sobre a renda da unidade de convivencia, correspondente ao último exercicio. No caso de non ter a obriga de facela, deberán achegar certificación negativa.
- F) No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza. Nos supostos de non percibir a cantidade estipulada na mencionada sentenza, realizarase unha declaración xurada.
- G) No caso de concesión, presentarse o certificado do colexio de matriculación no momento de recoller o vale, co obxecto de comprobar que a matrícula estea en regra.

As persoas beneficiarias da prestación da RISGA, Integración ó menor, Fogar infantil, RAI, Acollemento familiar remunerado e Salario da liberdade, só terán que presentar a documentación reflectida nos puntos A) e G).

As persoas beneficiarias dunha pensión non contributiva por invalidez ou xubilación só terán que presentar a certificación da pensión expedida pola Seguridade Social e a documentación reflectida nos puntos A) B) C) G)

O prazo para presentar solicitudes **será do 19 de xullo até o 16 de agosto**, ámbolos dous incluídos. O 1 de setembro publicarase a relación das mesmas coas correspondentes resolucións, abríndose un prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación para presentar reclamacións.

O 1 de setembro tamén se repartirán os vales onde irán reflectidas as cantidades concedidas que se trocarán en calquera establecemento comercial pertencente ao Concello de Ferrol que acepte o mencionado vale.

Ferrol, 7 de xullo de 2010